

A BAIXA IDADE MEDIA



Reflicte a axitación social e o terror que desatou a peste negra, que devastou a Europa medieval (1347-1350).

“O triunfo da Morte” (Museo del Prado, c. 1562) (Pieter Brueghel el Viejo. Dominio público).



ÍNDICE

A BAIXA IDADE MEDIA

1. CAMBIOS ECONÓMICOS E SOCIAIS NA BAIXA IDADE MEDIA.....	1
1.1. O traballo urbano: ascenso da burguesía.....	1
2. A CRISE DO SÉCULO XIV E XV: AS REVOLTAS SOCIAIS.....	3
2.1. As revoltas Irmandiñas en Galicia.....	3
1ª. A irmandade fusquenlla.....	3
2ª. Segunda guerra irmandiña.....	4
3. A ARTE GÓTICA.....	5
<i>Exercicios</i>	8
SOLUCIÓNS.....	9

1. CAMBIOS ECONÓMICOS E SOCIAIS NA BAIXA IDADE MEDIA

Dende finais do século XIII a economía empeza a debilitarse debido a anos de malas colleitas que provocaron carestía e fame. O punto culminante desta crise é en 1347-1350, coa epidemia de **peste negra**, que provocou unha enorme mortalidade (morre un terzo da poboación en Europa).

Isto provocará unha falta de man de obra, sobre todo no **campo**, o que pola súa vez encarece e retrae a produción, baixando os ingresos das rendas señoriais que o solucionaban subíndoas ou tratando de obter máis territorios (normalmente a custa da Igrexa), o que provocou máis inseguridade.


Nas **ciudades**, que viñan mellorando desde o século XII, a crise solucionouse en menos tempo, xa que o comercio se reactivou rapidamente, sobre todo nas que estaban nas rutas comerciais ou tiñan feiras importantes. Isto debeuse tamén ao impulso que os reis daban ás cidades coa concesión de **privilexios** (como os de Alfonso IX a Betanzos) co ánimo de fortalecer a burguesía en detrimento da nobreza. Todos os que podían ían vivir ás cidades que maioritariamente querían depender do rei, xa que así gozaban de maior liberdade. Dese xeito, fórmanse **irmandades**, que son asociacións de veciños que defendían os seus intereses asegurando o exercicio da xustiza.

1.1. O traballo urbano: ascenso da burguesía

Neste tempo a organización do traballo urbano modifícase cos **gremios**, que eran asociacións de artesáns do mesmo oficio que defendían os intereses do grupo, loitaban contra a competencia, fixaban prezos, soldos, calidades e categorías profesionais. Tiñan tres: aprendiz, oficial e mestre.

En Pontevedra foi moi importante o **gremio dos mareantes** (pescadores de xoubas que ían ás mareas), que tamén tiña unha **confraría** relixiosa; foron os que pagaron a basílica de Santa María, xa a principios da Idade Moderna.

Os burgueses foron os habitantes dos novos burgos, os que empezaron a progresar economicamente e buscaron as formas de ter liberdade comercial e intervir na repartición do poder. Dentro da burguesía podemos encontrar a **alta burguesía** de comerciantes, empresarios e banqueiros que, polo xeral, controlaban o goberno das vilas, e a **mediana e pequena burguesía** de tendeiros, artesáns... Pertencen igualmente ao **estamento non privilexiado**, pero ocupan a parte máis alta do estamento. Na base está a **plebe**, que traballaba nas vilas para eles.



"Seis oficios gremiais: canteiros, oleiros, cesteiros, panadeiros, boteiros e zapateiros, dun total de 48 recollidos na obra catalá". (Milartino CC BY-SA 3.0)



Cando os reis necesitaban apoios para controlar a nobreza, os burgueses facilitábanlles o que precisasen, homes, diñeiro... Así, os reis apóianos para que estes os apoiem a eles, outorgándolles privilexios para as súas cidades e fortalecendo desa maneira o poder real fronte ao feudal.

2. A CRISE DO SÉCULO XIV E XV: AS REVOLTAS SOCIAIS

O auxe económico das cidades provocaba enfrontamentos entre a nobreza e o clero, e os artesáns e comerciantes, buscando converterse en cidades dependentes do rei e non dos bispos. Foi un fenómeno común en toda a península, nel destacan as **revoltas**:

- As **banderías** en Barcelona (entre artesáns e comerciantes de panos).
- Os **palleses de remensa** (campesiños) en Aragón.
- Os **progroms** (persecucións aos xudeus) debidas, na maioría dos casos, á crise (por cartos) e aos **malos usos señoriais** (a suba de impostos e os traballos por parte dos feudais).

En Galicia tamén pasou:

2.1. As revoltas Irmandiñas en Galicia

Son conflitos campesiños contra os malos usos señoriais aos cales se uniron dirixentes da baixa nobreza, fidalgos e incluso elementos do clero e a xente das vilas. No século XIV, a aparición dunha nobreza guerreira protagonizará estes abusos; nobres como os Osorio, Andrade, Sarmiento, Ulloa e Soutomaior, que atacarán mesmo a Igrexa.

Xa vimos que as cidades trataban de defenderse creando as **irmandades**, que limitaban o poder señorial, chegando a matar algún bispo; destaca a famosa María Castaña en Lugo.

Todos estes abusos levaron as **dúas guerras Irmandiñas**:

1ª. A irmandade fusquenlla

En 1431, o señor de Betanzos e Pontedeume, Nuno Freire de Andrade 'O Malo' provocou a revolta irmandiña dirixida polo fidalgo Roi Xordo, e morrerá no intento. O exército dos Andrade e do arcebispo de Santiago afogou a revolta.



"Torre dos Andrade". (José Luis Cernada Iglesias. Creative Commons Attribution 2.0 Generic)

2ª. Segunda guerra irmandiña

Entre 1467 e 1469, foi unha guerra civil que afectou toda Galicia. Dirixidos por Afonso de Lanzós, Pedro de Osorio e Diego de Lemos, membros da baixa nobreza, contra os grandes de Galicia: Lemos, Andrade, Moscoso e Soutomaior. Rapidamente, os irmandiños fixéronse co control e empezaron a derrubar os castelos e as fortalezas dos nobres mentres eles escapan e preparan dende Portugal a reacción.

A dirección de Pedro Álvarez de Soutomaior e o mariscal Pardo de Cela neutraliza os irmandiños cerca de Santiago, e foron castigados a reconstruír as fortalezas que derrubaran.



Lenzo que amosa a figura do mariscal galego. Foi decapitado o 3 de outubro de 1483, xunto co seu fillo Pedro, diante da catedral de Mondoñedo e por mandato dos Reis Católicos.

[Pedro Pardo de Cela](#) (Manuel Ángel Álvarez. Dominio público. [Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento](#)).

A cobiza, os abusos e a sen razón dos nobres fixeron que os reis de Castela volvesen a vista sobre Galicia. A unión dinástica das coroas de Castela e Aragón e a loita polo trono de Castela entre Isabel e Xoana "a Beltranexa" fixeron que estes nobres apoiaran o bando de Xoana, e logo sufriron as consecuencias da derrota (coma Pardo de Cela, Pedro Madruga consegue fuxir), que tamén pagaron o resto dos galegos.

3. A ARTE GÓTICA

A **arte gótica** é o resultado dunha situación cultural nova. Rota a unidade europea e desaparecido o Sacro Imperio Romano-Xermánico, aparecen as nacionalidades xurdindo como protagonista a monarquía francesa. A partir do s. XII iníciase a gran transformación política, social e económica de Europa que favorece o rexurdir das cidades. A aparición dun novo grupo social dentro do estamento dos non privilexiados, a **burguesía**, dedicada ao comercio e á industria, forma parte do proceso que contribuirá á decadencia do feudalismo. A nova situación económica produciu un cambio social importante, abandonando a estrutura feudal e cambiándoa por unha urbana.

Na orde espiritual, o cristianismo expándese cara a Oriente coas cruzadas e coas ordes relixiosas.

O termo gótico foi acuñado por Vasari no s. XV cun sentido negativo, aínda que no século XIX comezou a revalorizarse.

Cronoloxía do gótico

- Fase protogótica (segunda metade do s. XII).
- Fase do gótico clásico (primeira metade do s. XIII).
- Fase do gótico radiante (segunda metade do s. XIII).
- Fase do gótico flamíxero (s. XIV).


A arquitectura gótica

A **catedral** é o expoñente esencial do mundo gótico. Baséase en varios elementos que lle achegan unha estrutura lóxica e composta por tramos:

- O arco apuntado: exerce menos cargas ca o de medio punto, e permite unha maior elevación do edificio.
- A bóveda de cruzaría: obtida mediante o cruzamento de dous arcos que concentran as cargas dos ángulos, alixeiran os muros e permiten abrir vaos.
- Soportes e muros: partindo dos piares compostos, estes cambiarán, reforzándose e complicándose con columnas arrimadas en consonancia cos nervios das bóvedas.

Deste xeito, xustifícase unha das máis importantes achegas da catedral gótica, que é o **sistema de contrarresto** mediante o uso de **arcobotantes** que, apoiados nos arranques das bóvedas, transmiten as cargas sobre os contrafortes exteriores.

- A planta: segue o modelo basilical de tres ou cinco naves con cruceiro máis ou menos marcado e deambulatorio.
- As vidreiras: unha nova concepción alumínica grazas á desmaterialización dos muros. Conseguen unha luz coloreada que xera un espazo atemporal e simbólico.



"Planta, catedral de León, España, gótica (s XIII)" (Gerardo Rosa Grosasm. Public domain)

Na **península Ibérica**, no s. XIII os exemplos góticos máis importantes son as catedrais de Burgos, Toledo e León. No s. XIV destacan a catedral de Santa María del Mar e a de Palma de Mallorca. No s. XV destaca o gótico hispano-flamenco da catedral de Sevilla.



"Catedral de León" (David Jiménez Llanes. CC BY-SA 3.0)

Escultura

Desenvólvese no marco da catedral e faise máis naturalista ca no románico. Rompe o marco arquitectónico, o que favorecerá a chegada da escultura de vulto redondo.

A temática do Xuízo Final mantense, pero aparece tamén a de Cristo triunfante e misericordioso, e temas sobre a Nai de Deus.

No s. XV serán o escultor Xil de Siloé, que traballa en Burgos, e o mestre Sebastián, en Toledo, os máximos representantes.

É moi interesante neste período a **escultura funeraria**, da cal temos bos exemplos en Galicia, coma o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade 'o Bo' da igrexa de San Francisco de Betanzos.



"Sepulcro de Andrade 'o Bo' en san Francisco de Betanzos (1397)" (J.L. Filpo C. contido libre)

A pintura gótica

Catro elementos a determinan:

- O debuxo, que se converte no elemento esencial, con forte linealismo, conseguindo un valor decorativo como nas cantigas de Afonso X.
- A cor: conséguese a policromía e ofrece un carácter simbólico, cada cor lígase a un sentimento. Son cores planas.
- A luz: búscase a través dos dourados. Ata finais do gótico non se consegue a luz natural. No norte de Europa, recupérase a técnica do óleo.



EXERCICIOS

Exercicio 1

A Baixa Idade Media abarca os séculos...

Exercicio 2

A **peste negra**: que foi, cando pasou?

Exercicio 3

Que é unha irmandade?

Exercicio 4

Que son os gremios?

Exercicio 5

Cales foron os motivos das revoltas Irmandiñas?

Exercicio 6

Os nobres galegos que derrotaron e humillaron os Irmandiños logo foron perseguidos, cal foi o motivo?

Exercicio 7

O gótico ten en arquitectura unha imaxe distinta do románico, en que características se reconece que un edificio é deste estilo?



SOLUCIÓN

Exercicio 1

A Baixa Idade Media abarca os séculos...

Os séculos XIV e XV.

Exercicio 2

A **peste negra** que foi, cando pasou?

Foi unha epidemia que afectou Europa entre 1347 e 1350, e matou un terzo da poboación.

Exercicio 3

Que é unha irmandade?

Son asociacións de veciños que defendían os seus intereses asegurando o exercicio da xustiza, era un privilexio real.

Exercicio 4

Que son os gremios?

Eran asociacións de artesáns do mesmo oficio que defendían os intereses do grupo, loitaban contra a competencia, fixaban prezos, soldos, calidades e categorías profesionais. Tiñan tres: aprendiz, oficial e mestre.

Exercicio 5

Cal foron os motivos das revoltas Irmandiñas?

Son conflitos campesiños contra os malos usos señoriais.

Exercicio 6

Os nobres galegos que derrotaron e humillaron os Irmandiños logo foron perseguidos, cal foi o motivo?

A aposta dos nobres galegos polo bando perdedor na guerra entre Isabel de Castela e Xoana 'a Beltranexa'.



Exercicio 7

O gótico ten en arquitectura un imaxe distinta do románico, en que características se reconece que un edificio é deste estilo?

Primeiro, pola súa altura, rompen coa horizontalidade románica. Por teren arcos apuntados e substituír os contrafortes por arcobotantes. Por seren, en xeral, máis lixeiros e con vaos que se adornan con vidreiras. Ademais é unha arte urbana.